

# **BASES DO II PREMIO UNIVERSITARIO LA CAIXA DE COMUNICACIÓN CIENTÍFICA**

*En colaboración coas tres universidades de Galicia:  
Santiago, A Coruña e Vigo*

*“la Caixa” e GCiencia, a web da ciencia galega, coa colaboración da Secretaría Xeral de Universidades, convocan a segunda edición do Premio Universitario La Caixa de Comunicación Científica, baixo o lema “Contar a Ciencia”. O premio quere poñer en valor o xornalismo científico entre os futuros profesionais. Tamén, dar a coñecer a investigación que se fai en Galicia, de xeito que a descubran os propios estudantes nas universidades nas que cursan os seus estudos. E quere facelo coa participación dos alumnos de Comunicación das tres universidades galegas.*

## **1. Obxecto**

O II Premio Universitario “la Caixa” de Xornalismo Científico, co lema “Contar a Ciencia”, quere divulgar a investigación que se fai en Galicia, animar ós estudantes a coñecer as súas universidades e fomentar o xornalismo e a comunicación científica entre os alumnos que cursan estudos de Comunicación.

## **2. Convocatoria**

A convocatoria está aberta aos alumnos da Facultade de Ciencias da Comunicación de Santiago de Compostela, de Ciencias Sociais e da Comunicación de Vigo (campus Pontevedra) e de Ciencias da Comunicación da Coruña, en solitario ou en equipo, cun máximo de dúas firmas. O traballo poderá facerse en colaboración con alumnos doutras facultades, sempre que sexan da mesma universidade.

### 3. Dinámica do premio

Os candidatos, ben en solitario ou ben formando equipos dun máximo de dúas persoas, presentarán a GCiencia ([www.gciencia.com](http://www.gciencia.com)) unha **proposta de reportaxe ou entrevista** sobre un tema científico que se desenvolva na Universidade á que pertencen, en calquera dos seus campus. As reportaxes o entrevistas poderán ser escritas ou audiovisuais. As propostas enviaranse a [gciencia@gciencia.com](mailto:gciencia@gciencia.com)

As propostas terán un título e subtítulo provisionais, e un resumo dun máximo de 500 caracteres, espazos incluídos.

As propostas serán avaliadas por GCiencia, que elixirá as 10 que máis destaquen pola súa calidade, orixinalidade do tema tratado e valor xornalístico. GCiencia comunicará a decisión ós 10 elixidos para que realicen os traballos xornalísticos. O idioma empregado será o galego.

Os traballos xornalísticos poderán ser **escritos**, acompañados dunha ou máis imaxes, cunha extensión de 3.000 a un máximo de 6.500 caracteres con espazos.

Tamen se admiten traballos audiovisuais, cunha duración mínima de 2 minutos e 30 segundos e máxima de 5 minutos. Os audiovisuais deberán ir titulados e acompañados dun texto xornalístico como resumo de ó menos 400 caracteres. Os traballos audiovisuais serán de xénero xornalístico, como reportaxes, entrevistas ou noticias. Poderanse presentar tamén reportaxes fotográficas, acompañadas tamén dun texto de non menos de 400 caracteres. En todo os casos, as imaxes deben estar libres de dereitos.

Os traballos serán publicados en [www.gciencia.com](http://www.gciencia.com). E, ó remate da actividade, un xurado elixirá ó gañador do II Premio Universitario “la Caixa” de Xornalismo Científico.

### 4. Prazos

Convocatoria: 25 de febreiro

Ata o 31 de marzo: Para presentar as propostas de reportaxe ou entrevista.

Do 1 de abril ao 24 de abril: Para presentar os traballos rematados

Do 27 de abril ao 29 de maio: Publicación dos traballos

19 de xuño: Fallo do xurado. O traballo gañador será novamente publicado.

## 5. Premios

Os premios serán os seguintes:

1º Premio: Diploma acreditativo, 400 euros e 1 tablet Primux Sicoco X.

Dous accésit: Diploma, 100 euros e 1 tablet Primux Zonda 4.

Diploma acreditativo para os restantes 7 finalistas

## 6. Xurado

O xurado estará composto por un representante de cada unha das tres universidades de Galicia, da Consellería de Educación, do Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC), de “la Caixa”, do Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia, de GCIencia e un investigador galego de recoñecido prestixio.

## 7. Documentación

Os participantes remitirán no correo electrónico a [gciencia@gciencia.com](mailto:gciencia@gciencia.com) coa súa proposta os seguintes datos: Nome completo do futuro asinante ou asinantes do traballo. Enderezo electrónico, postal, teléfono e centro universitario no que cursan estudos.